

**DONA M<sup>a</sup> LUISA DE LA RED AMPUDIA, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)**

**CERTIFICO:**

Que o Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 25 de xuño de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**«2. PARTE RESOLUTIVA**

**2.14. Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Educación, Mobilidade, Transporte e Sanidade, de data 11 de xuño de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“O Concello de Cambre ao longo do curso 2003 – 2004 traballou dende o seu departamento de Educación na idea de crear un servizo de apertura do colexio antes do comezo das clases a primeira hora da mañá, idea que estivo apoiada polas diversas peticións de pais e nais de escolares de Cambre, como medida conciliadora da vida familiar e laboral de moitas familias do noso municipio, creando así o programa Mañanceiro, protección, vixianza e almorzo nos centros escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Cambre.

No pleno celebrado o 31 de xullo de 2014 aprobouse a modificación da ordenanza creada para regular o proceso de inscrición e selección no seu momento e foi publicada no BOP do 06 de outubro de 2014 definitivamente.

Visto que con data de rexistro de entrada 21 de agosto de 2019 e número 3/653 a Presidenta da ANPA “A Horta” da Escola de Educación Infantil San Bartolomeu de Pravio presentou no rexistro de entrada municipal a solicitude de implantación nesa escola do servizo Mañanceiro levado a cabo polo Concello de Cambre como medida de conciliación da vida laboral e familiar para o vindeiro curso escolar 2020-2021, respondendo así ás demandas dos pais e nais do alumnado matriculado nela.

Visto que na ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos participantes vixente non se contemplaba a prestación deste servizo na escola San Bartolomeu de Pravio.

Visto, ademais, que trala revisión da citada ordenanza vese a necesidade de actualizar algún outro dato relativo, por exemplo, á denominación do persoal destinado ao servizo do almorzo que se denominaba camareiro/a e pasa a denominarse monitor/a igual que o persoal que realiza as actividades, á documentación que tense que presentar xunto coa solicitude que se actualiza. Tamén introdúcese de forma xenérica a posibilidade de cambiar á ratio monitor/a alumno/a, o número mínimo de solicitudes necesarias por centro para poñer en marcha cada servizo e os prazos de inscrición, todos iso como consecuencia de circunstancias extraordinarias que poidan xurdir en calquera momento como á que nos vemos inmersos neste momento da pandemia provocada polo COVID-19.

Por todo o anterior, propoño ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza municipal reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes no seu artigo 2, artigo 4 e Anexo II tal e como se transcriben a continuación:

**Art.2.- Prestación dos servizos, queda redactado así:**

1.- Os servizos que comprende o “Programa Mañanceiro” prestaranse, de luns a venres, en días lectivos durante o curso escolar correspondente, nos seguintes centros escolares do municipio de Cambre:

- Escola de Educación Infantil San Bartolomeu de Pravio.
- CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás.
- CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre.
- CEIP Emilio González López de Brexo-Lema.
- CEIP Portofaro.
- CEIP Plurilingüe Graxal.

2.- Comezará a partires das 7:30 horas da mañá, coa apertura do centro escolar, e rematará co comezo do horario escolar establecido en cada un.

3.- O número mínimo de solicitudes necesarias para poñer en marcha o servizo (sen almorzo e con almorzo) será nos centros escolares de dúas liñas por curso dunha media de 13 escolares para a modalidade de mes completo e no caso dos centros escolares dunha liña por curso o número mínimo de solicitudes necesarias para poñelo en marcha será de 6 escolares para a modalidade de mes completo (sen almorzo e con almorzo).

Este nº mínimo pode verse modificado, se xorden circunstancias alleas á vontade do Concello de Cambre que obriguen a cambialo, o que se aprobará por Resolución do Alcalde ou do Concelleiro Delegado da Área.

O número máximo de prazas dispoñibles para cada centro será de 26 escolares. Non obstante, establecerase en función da demanda real para cada curso, limitado polo espazo que cada centro destine para realizar este programa e polo presuposto total do contrato. Dita cantidade máxima pactarase coa empresa concesionaria en cada momento segundo xurda a necesidade.

Unha vez rematado o prazo inicial de solicitude de inscrición no programa, determinarase en función da demanda en que centro levarase a cabo o servizo e en que modalidades. Unha vez determinado isto e ao longo do curso escolar poderase modificar se hai crédito suficiente para facelo e espazo no centro.

4.- Os servizos serán prestados polo seguinte persoal:

- Para a organización do almorzo en cada centro escolar: Un/unha monitor/a por cada grupo de ata 35 escolares participantes que soliciten o almorzo, 2 de 36 a 71 e 3 de 72 a 104 (nos centros escolares dunha soa liña por curso será necesario a partir de 13 escolares participantes que soliciten o servizo de almorzo. Entre 6 e 12 escolares participantes non será necesario).

- Para a realización de actividades en cada centro escolar: Dous/ dúas monitores/as por cada grupo de ata 26 escolares participantes, 3 de 27 a 40, 4 de 41 a 65 e 5 de 66 a 104.

- Para o desenvolvemento do programa e común a todos os centros: Un/unha coordinador/ a do programa.

- No suposto de ter un escolar participante con necesidades educativas especiais e como consecuencia dunha valoración técnica municipal, existirá un/ unha monitor/a de apoio especializado.

A ratio monitor/a alumno/a pode verse modificada, se xurden circunstancias extraordinarias alleas á vontade do Concello de Cambre que obriguen a cambiala, o que se aprobará por Resolución do Alcalde ou do Concelleiro Delegado da Área.

#### **Artigo 4. Beneficiarios do Programa Mañanceiro, queda redactado así:**

O "Programa Mañanceiro" está dirixido a todo o alumnado dos centros escolares públicos de Educación Infantil e de Educación Infantil e Primaria do municipio de Cambre, polo que son requisitos:

- Estar empadroados/as no Concello de Cambre. Só en caso de que haxan prazas valeiras poderanse admitir participantes que non estean empadroados/as.

- Estar matriculados/as nun centro escolar de Educación Infantil ou de Educación Infantil e Primaria do municipio de Cambre.

A integración de alumnado con discapacidade estará supeditado para cada curso escolar á existencia de persoal cualificado e en número suficiente. Aínda así, solicitarase informe médico que acredite o nivel de autonomía e así poder valorar a posibilidade de integralo/a no programa.

#### **Art. 5.- Tramitación de acceso aos servizos, queda redactado así:**

1.- Os servizos do programa serán prestados polo Concello de Cambre por instancia dos interesados, e establécese un prazo de inscrición dun mes. As datas concretas fixaranse anualmente por Resolución do Alcalde ou do Concelleiro Delegado da Área.

Non obstante, poderá presentarse solicitude con posterioridade a ese prazo de inscrición ao longo do curso escolar, tendo en conta que, no suposto de que o grupo xa contara co máximo de escolares o solicitante sería incluído na lista de espera.

En cada curso escolar deberase solicitar de novo a praza para participar no programa.

2.- As solicitudes presentarase a través da sede electrónica da web municipal ou en calquera dos Rexistros de Entrada do Concello de Cambre (con cita previa, se fose necesario) segundo o modelo establecido, modelo que se achega como ANEXO II, achegando con ela a seguinte documentación:

- a) Xunto coa solicitude e se se dese o caso:
  - Documentación necesaria para xustificar a redución solicitada sobre a tarifa establecida.
  - Informe médico onde se recolla a intolerancia alimenticia que presente o/a alumno/a ou calquera outra particularidade.
  
- b) No suposto de que haxa máis solicitudes que prazas, e logo do requirimento dende o Concello de Cambre:
  - Libro de familia ou documento que o substitúa.
  - Volante de empadramento colectivo da unidade familiar (solicitar no Rexistro municipal).
  - Vida laboral do pai, nai e/ ou titor legal ou tarxeta de demanda de emprego, segundo o caso.
  - Sentencia de separación ou divorcio ou xustificante de viuvez.
  - Xustificación de ingresos económicos: Autorización asinada para que o Concello solicite os datos da renda á Axencia Tributaria (IRPF) do ano que corresponda, segundo modelo normalizado.
  - Se non tivo que facer declaración da renda:
    - Certificado da Axencia Tributaria onde figure que non fixo declaración.
    - Certificado de Bases Impoñibles.
    - Certificado expedido polo órgano competente (Xunta, Seguridade Social...) se percibe algunha prestación ou pensión.
  - Se se vese modificada a situación económica dalgún dos cónxuxes (con respecto ao ano da declaración da renda):
    - No caso de separación ou divorcio: certificado da vida laboral, achegando copia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio do ano de presentación da solicitude, ou certificado da empresa cos importes percibidos ata a data.
    - No caso de desemprego: se é demandante de emprego con prestación, certificado de prestación do SEPE cos importes recibidos. Se non ten prestación, certificado do SEPE e vida laboral.
    - No caso de viuvez, xustificante da pensión e/ou certificado da vida laboral xunto coas nóminas da empresa liquidadas no ano en curso.
    - No caso de ERTE: documentación que acredite a situación e na que se reflicten os ingresos percibidos nese período e resto de ingresos percibidos fóra dese período no ano en curso ata a data de presentación da solicitude.

- Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuábeis no baremo.
- Declaración xurada de situacións que non poidan ser documentadas de forma oficial.  
(Esta documentación será actualizada cada ano se fose necesario).

Para tal efecto, rematado o prazo de recepción de solicitudes procederase ao exame da documentación presentada e no suposto de que se presentasen máis solicitudes que prazas, requiriráselles aos interesados para que no prazo de 10 días presenten a documentación á que se fai referencia no punto dous b, do presente artigo coa indicación de que, se así non se fixese, terase por desistido da súa petición, logo da resolución en tal sentido.

**Anexo II, queda redactado así:**

## **ANEXO II**

### **1.- DATOS DO/ A ALUMNO/A:**

Apelidos.....Nome .....

Centro Escolar.....Curso.....Data de nacemento .....

### **2.- DATOS FAMILIARES:**

Pai, Nai ou titor/a..... DNI.....

Rúa .....Nº.....Piso.....

Municipio.....C.P.....Teléfono.....Outros teléfonos.....

Correo electrónico.....

### **3.- DATOS DO PROGRAMA MAÑANCEIRO:**

- Horario de entrada aproximada: 7:30 horas \_\_\_\_  
8:00 horas \_\_\_\_  
8:30 horas \_\_\_\_

- Tempo de solicitude:

Mes completo: Todo o curso escolar \_\_\_\_; No mes de \_\_\_\_\_

Días soltos: Todo o curso escolar \_\_\_\_; No mes de \_\_\_\_\_

- Almorzo: Si \_\_\_\_ Non \_\_\_\_

¿Ten algunha intolerancia alimenticia? \_\_\_\_\_

- Solicita redución en función dunha das seguintes situacións:

\_ Familia monoparental: \_\_\_\_

\_ Discapacidade do/a fillo/ a: \_\_\_\_

\_ Familia numerosa: \_\_\_\_ Número de membros da familia numerosa: \_\_\_\_

\_ Situación de desemprego dun cónxuxe: \_\_\_\_ Situación de desemprego dous cónxuxes: \_\_\_\_

\_ Con informe de Servizos Sociais municipal: \_\_\_\_

(En todo caso, estableceráse as reducións que se aproben polo Pleno da Corporación no momento de aprobar as tarifas trata sinatura do contrato con empresa concesionaria que corresponda).

Tarifas:

CENTRO	CON ALMORZO		SEN ALMORZO	
	Mes completo	Días soltos*	Mes completo	Días soltos*
W.FDEZ. FLÓREZ CAMBRE				
GONZALO T. BALLESTER DE SIGRÁS				
PLURILINGÜE GRAXAL				
PORTOFARO				
EMILIO G. LÓPEZ DE BREXO-LEMA				
ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL SAN BARTOLOMEU DE PRAVIO				

\* Os días soltos contabilízanse ata \_\_\_\_ días.

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica da web municipal ou en calquera dos Rexistros de Entrada do Concello de Cambre (con cita previa, se fose necesario) segundo o modelo establecido, modelo que se achega como ANEXO II, achegando con ela a seguinte documentación:

- a) Xunto coa solicitude e se se dese o caso:**
  - Documentación necesaria para xustificar a redución solicitada sobre a tarifa establecida.
  - Informe médico onde se recolla a intolerancia alimenticia que presente o/a alumno/a ou calquera outra particularidade.
- b) No suposto de que haxa máis solicitudes que prazas, e logo do requerimento dende o Concello de Cambre:**
  - Libro de familia ou documento que o substitúa.
  - Volante de empadramento colectivo da unidade familiar (solicitar no Rexistro municipal).
  - Vida laboral do pai, nai e/ ou titor legal ou tarxeta de demanda de emprego, segundo o caso.
  - Sentencia de separación ou divorcio ou xustificante de viuvez.
  - Xustificación de ingresos económicos: Autorización asinada para que o Concello solicite os datos da renda á Axencia Tributaria (IRPF) do ano que corresponda, segundo modelo normalizado.
  - Se non tivo que facer declaración da renda:
    - Certificado da Axencia Tributaria onde figure que non fixo declaración.
    - Certificado de Bases Imponibles.
    - Certificado expedido polo órgano competente (Xunta, Seguridade Social...) se percibe algunha prestación ou pensión.
  - Se se vese modificada a situación económica dalgún dos cónxuxes (con respecto ao ano da declaración da renda):
    - No caso de separación ou divorcio: certificado da vida laboral, achegando copia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio do ano de presentación da solicitude, ou certificado da empresa cos importes percibidos ata a data.

- No caso de desemprego: se é demandante de emprego con prestación, certificado de prestación do SEPE cos importes recibidos. Se non ten prestación, certificado do SEPE e vida laboral.
- No caso de viuvez, xustificante da pensión e/ou certificado da vida laboral xunto coas nóminas da empresa liquidadas no ano en curso.
- No caso de ERTE: documentación que acredite a situación e na que se reflicten os ingresos percibidos nese período e resto de ingresos percibidos fóra dese período no ano en curso ata a data de presentación da solicitude.
- Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuábeis no baremo.
- Declaración xurada de situacións que non poidan ser documentadas de forma oficial. (Esta documentación será actualizada cada ano se fose necesario).

Para tal efecto, rematado o prazo de recepción de solicitudes procederase ao exame da documentación presentada e no suposto de que se presentasen máis solicitudes que prazas, requiriráselles aos interesados para que no prazo de 10 días presenten a documentación á que se fai referencia no punto dous b, do presente artigo coa indicación de que, se así non se fixese, terase por desistido da súa petición, logo da resolución en tal sentido.

---

#### **AUTORIZACIÓN BANCARIA**

D./ Dna.: \_\_\_\_\_ con DNI: \_\_\_\_\_ como titular da conta bancaria número:

IBAN \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

autorizo a domiciliación dos recibos do Programa Mañanceiro para o curso escolar 20\_\_-20\_\_ do Concello de Cambre.

Asinado: \_\_\_\_\_

---

Cambre,.....de..... de 20.....

Sinatura (pai/ nai/titor/a)

**Segundo:** Abrir un período de información e audiencia aos/ás interesados/as por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello de Cambre, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación municipal.

**Terceiro:** No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

**Cuarto:** A modificación da ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 20 de xuño de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres

concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira presente do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.»

E para que conste e produza os oportunos efectos e coa advertencia e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente (artigo 206 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro) asino esta certificación por orde e co visto e praxe do señor alcalde don Óscar A. García Patiño. Cambre, na data da sinatura electrónica.

Visto e praxe

O alcalde

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral



**DONA M<sup>a</sup> LUISA DE LA RED AMPUDIA, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)**

**CERTIFICO:**

Que o Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 25 de xuño de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“2. PARTE RESOLUTIVA**

**2.13. Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza de limpeza viaria e ornato público no Concello de Cambre**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, de data 12 de xuño de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«En relación coa modificación da Ordenanza de limpeza viaria en relación con determinados comportamentos incívicos, relacionados coa presenza de animais na vía pública e á vista do informe emitido pola Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 9 de xuño de 2020 que literalmente se transcribe a seguir:

“A petición da alcaldía realízase o presente INFORME, relativo á conveniencia de modificar a Ordenanza de limpeza viaria en relación con determinados comportamentos incívicos relacionados coa presenza de animais na vía pública:

Dende hai xa varios anos estamos a experimentar un cambio social con respecto á posesión de animais domésticos, téndose producido un aumento importante da presenza de animais de compañía en ámbitos urbanos.

A posesión de animais de compañía, caracterizados pola súa adaptabilidade e idoneidade para convivir cos seres humanos, pode ter consecuencias positivas tanto para os seus posuidores como para os propios animais.

Pero este aumento da presenza de animais domésticos en espazos públicos tamén fai cobrar unha maior relevancia aos comportamentos incívicos relacionados coa posesión desta clase de animais, sendo un dos principais a presenza de excrementos e ouriños de animais domésticos en tales espazos.

Isto constitúe un grave problema tanto sanitario (posible transmisión de enfermidades), como de hixiene pública (sucidade e mal olor), estético e de convivencia.

As deposicións e ouriños dos animais supoñen unha das principais fontes de contaxio para case todas as enfermidades infecciosas e parasitarias que afectan tanto a animais domésticos como silvestres. A isto engádesse a posibilidade de contaxio ás persoas, como sucede coas enfermidades denominadas zoonósicas, que inclúen entre outras moitas a virus da rabia, o toxoplasma gondii, a E. coli, a Salmonella spp. ou a tiña.

Por isto é necesario fomentar o tratamento hixiénico das deposicións e ouriños das mascotas, especialmente cando estas se realizan en espazos públicos.

Para conseguir este obxectivo resulta imprescindible a concienciación dos posuidores dos animais, xa que un animal de compañía ten que ser educado para a convivencia coas persoas, sendo a súa educación e o seu comportamento responsabilidade directa do seu posuidor.

Este labor de concienciación débese acompañar da utilización dos medios de intervención sobre a actividade dos cidadáns cos que conta a administración.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

A lexislación aplicable ven disposta fundamentalmente nos seguintes artigos:



- Art. 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Art. 6.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e Art. 4.1 a) do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, respecto das potestades regulamentaria e de autoorganización do municipio, e en concreto en relación coa competencia municipal sobre a infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.
- Art. 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece como competencias propias dos municipios as de medio ambiente urbano e protección da salubridade pública; considerando asemade o artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia que son competencias propias dos municipios as de protección do medio ambiente e protección da salubridade pública.
- Art. 22.2 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación de ordenanzas, sen que se requira de acordo con Art. 47 da referida norma unha maioría especial para dita aprobación.
- Arts. 49 e 70 de la Lei 7/1985, en canto á aprobación inicial, información pública durante 30 días, e unha vez aprobada definitivamente, publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.
- 84.1 da dita Lei 7/1985, en canto á potestade das entidades locais de intervir a actividade dos cidadáns a través de los seguintes medios: a) Ordenanzas e bandos.
- 127 e ss. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire á potestade regulamentaria das entidades locais.

A vixente Ordenanza municipal reguladora da posesión de animais domésticos e de animais salvaxes en cativeiro, da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos e do seu rexistro regula esta cuestión no seu artigo 13, xunto coas limitacións na vía pública, establecendo que os posuidores dos animais deberán coidar de que non lixen as vías e espazos de uso público coas súas deposicións. No caso de se produciren estas, están obrigados a limparen os excrementos de xeito inmediato e de forma axeitada desde o punto de vista hixiénico.

A contravención desta obrigación está tipificada no artigo 37 apartado n) como una infracción leve, tendo como consecuencia unha sanción de 30 a 300 euros.

Por outra parte o artigo 15 da Ordenanza municipal de limpeza viaria establece que as persoas que conduzan cans u outros animais polas vías e espazos públicos deben impedir que estes ensucien en calquera lugar destinado ao tránsito de peóns. No caso de que as deposicións dos animais se realicen na vía pública, a persoa que conduza o animal está obrigada á súa retirada, limpeza e depósito en colectores de materias orgánicas.

A contravención desta obriga está tipificada no artigo 27 a) apartado 2 da dita ordenanza como infracción leve, tendo como consecuencia unha sanción de multa de ata 750 euros.

Ao ser a Ordenanza de limpeza viaria posterior no tempo á Ordenanza de animais, débese entender de aplicación preferente o establecido naquela, en virtude do principio *lex posterior derogat lex anterior*, sendo por outra parte a regulación da materia que aquí se trae máis propia dunha Ordenanza de limpeza viaria, ao tratarse dunha cuestión que afecta á salubridade, hixiene e ornato dos espazos públicos.

En todo caso, a experiencia na aplicación da ordenanza de limpeza viaria, mostra que a regulación que contén non é suficiente para dar resposta a todos os problemas formulados neste informe, considerando polo tanto conveniente dar unha nova redacción ao artigo 15, de xeito que regule o problema dos ouriños e estableza a forma en que se debe proceder á limpeza dos lugares afectados, así como ao artigo 27, para tipificar de maneira axeitada a contravención do alí disposto.

Non se considera necesario someter a presente modificación á consulta pública prevista no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ao non ter a

proposta un impacto significativo na actividade económica, non impoñer obrigacións relevantes aos destinatarios e regular aspectos parciais dunha materia, de acordo co disposto no apartado 4 do citado artigo.

O presente expediente enténdese de necesaria tramitación para a protección do interese xeral, ao ter como finalidade mellorar a limpeza viaria, así como a sanidade e salubridade públicas, aos efectos do disposto na Disposición Adicional Terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo”.

Visto o anterior, por esta concellería delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de acordo a adoptar:

**Primeiro:** Modificar o apartado artigo 15 da Ordenanza de limpeza viaria, que quedaría coa seguinte redacción “os posuidores dos animais deberán coidar de que estes non lixen as vías e espazos de uso público coas súas deposicións e ouriños. No caso de se produciren estes, os seus posuidores están obrigados a recoller os excrementos e limpar a zona afectada de xeito inmediato. Para tal efecto, deberán ir provistos de bolsas para recoller as deposicións que poidan realizar os animais, que deberán depositar no colector de residuos orgánicos. Así mesmo deberán levar unha botella con auga para vertela sobre a zona onde estes ouriñen ou realicen as súas deposicións. Recoméndase diluír unhas gotas de vinagre na auga para unha mellor limpeza da zona afectada.”

**Segundo:** Modificar o apartado 2 ao artigo 27 a) da Ordenanza de limpeza viaria, considerando infracción leve “Tirar na vía pública por pequenos residuos, tales como chicles, restos de froitos secos, cabichas, papeis, envoltorios, etc.”

Engadir o apartado 8 ao artigo 27 a) da Ordenanza de limpeza viaria, considerando infracción leve “Non recoller inmediatamente as deposicións realizadas por un animal de compañía na vía pública, así como non limpar os lugares onde se realicen as deposicións e ouriños na forma indicada no artigo 15 da presente ordenanza”.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 20 de xuño de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira presente do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Vota en contra o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández). E abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.”

E para que conste e produza os oportunos efectos e coa advertencia e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente (artigo 206 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro) asino esta certificación por orde e co visto e prace do señor alcalde don Óscar A. García Patiño. Cambre, na data da sinatura electrónica.

Visto e prace  
O alcalde

A secretaria xeral

Óscar A. García Patiño